

AEDIS e o resto de patronais “quebran as negociacións” do XVI Convenio Estatal de centros de atención a persoas con diversidade funcional erguéndose da mesa negociadora

A CIG-Ensino denuncia o acontecido, tanto pola gravidade dos feitos e polas formas da patronal, co obxecto de limitar a liberdade de expresión e desprezando o traballo e o tempo das OO.SS da mesa, como pola pasividade da parte social maioritaria.

AEDIS, patronal maioritaria, xunto co resto de patronais do sector “romperon as negociacións” do XVI Convenio Estatal de centros de Atención a Persoas con Discapacidade erguéndose da mesa negociadora o 27 de marzo de 2023. Esta decisión foi en resposta-censura á publicación dun vídeo reivindicativo feito por un comité de empresa de Cantabria, no que se denunciaba a precariedade tanto laboral coma salarial que padece o persoal deste sector.

Desde a CIG-Ensino non se entende que un acontecemento alleo á mesa de negociación condicione un comportamento, por parte da patronal, inaceptábel ao fuxir da súa responsabilidade nunha mesa de tanta relevancia para o sector.

A vaga xustificación dada polas empresas, máis propia dun actitude inmadura e irresponsábel, para a CIG-Ensino ten en realidade agochada outra, que é a de **pechar o XVI convenio sen máis avances que o “acordo Parcial” asinado en decembro.** Xa o adiantamos no seu día: o que non se conseguira nese acordo logo non se acadaría coa “vontade da patronal”, que xa afirmara no anterior “preacordo quebrado”, segundo recollen as actas: *“as melloras sociais e laborais pactadas só se darían se a suba salarial non acadase o recollido no art. 32.1”.*

Ademais un dos puntos que ían á mesa negociadora, o da Aprobación e sinatura do escrito de resposta á Fundación Sima, notificando que seguimos negociando, non debía ser do seu agrado xa que prefiren que actúe unha arbitrase na solución de



conflitos, logo de máis dun ano de negociación sen acordo, tal e como recolle a nova redacción do artigo 86.4 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores/as, no canto de continuar coas negociacións.

A CIG-Ensino non pode máis que rexeitar calquera procedemento que anule a Negociación Colectiva, dereito do persoal traballador que a reforma laboral quere recortar evitando así situacións conflitivas (medidas de presión, protestas, mobilización ou incluso folgas) como único camiño posíbel para acadar melloras reais e significativas que dignifiquen os convenios. Esta situación non se dá nas negociacións no marco estatal e os feitos dannos a razón **(na Galiza os salarios nos convenios subiron de media perto dun 5% e no estado o 2,8%).**




Marco de negociación estatal inexistente de cara á mellora en dereitos da clase traballadora.

Mais unha vez, as “negociacións” deste XVI convenio estatal son estériles, mesmo involutivas, alén de se demorar no tempo para a clase traballadora, pois ou se moven ao ritmo que marcan as patronais ou non van. **Despois de máis de 20 mesas de negociación en máis dun ano** (comezaron en marzo de 2021), e logo de asinarse un “Acordo parcial” do XVI convenio estatal de centros de atención a persoas con discapacidade (que recolle o que di o XV convenio no artigo 32.1 ratificado e obrigado na súa contextualidade pola Audiencia Nacional en sentenza, as táboas salariais para 2022 dos centros educativos con perda de poder adquisitivo, a aplicación do SMI con absorcións de complementos e a adaptación á reforma laboral do XVI convenio) segundo os intereses das empresa, estas evitan por todos os medios posibéis camiñar cara á mellora de dereitos da clase traballadora. A última, erguéndose da mesa, sen esta comezar, o que nos supón ademais de perda de tempo, altos custes para quen nos temos que desprazar a Madrid, que ás patronais nada lle importa, pois só miran polos seus propios intereses. O peor de todo é que xa o tiñan decidido con anterioridade (varios días) e calárono até o día dos feitos, actuando de moi mala fe, máis cando 24h antes se lles solicitara facer a reunión telemática.

A CIG-Ensino considera un **insulto e un desprezo á parte social da mesa e ao persoal traballador en particular estas actitudes inxustificadas, dañinas,**

impositivas e represivas, contra as que estamos en disposición de actuar e responder con presión social coma sempre propuxemos, nas distintas mesas estatais nas que estamos presentes como sindicato maioritario na Galiza. Pero as demais OO.SS estatais rexeitan esta vía, na súa liña de entreguismo e de pacto coas patronais, que logo actúan deste xeito sen miramentos.

Marco galego de relacións laborais: convenio galego no sector da diversidade funcional.



Vistas as cativas negociacións mais unha vez a nivel estatal, por patronais que actúan como “empresas privadas” no canto de “asociacións” e sindicatos estatais entregados, desde a CIG-Ensino seguiremos loitando por un marco galego de relación laborais como a única vía real de dignificación dos dereitos laborais e salariais do sector, abrindo negociacións por un Convenio Galego, con quen ten as competencias (Xunta) e coas patronais galegas.

Defendemos a participación dos traballadores/as do sector nas negociacións, evitando que as

cúpulas dos sindicatos estatais os suplantén.

Para iso temos que **seguir aumentando a nosa representación sindical, sendo maioritarios na Galiza**. Apoia o noso modelo reivindicativo, asembleario e combativo como única vía para presionar e forzar negociacións reais que nos encamiñen cara un Convenio Digno. Só coa mobilización social do sector se pode avanzar, pois ninguén dá nada por dar. Exemplo disto son as traballadoras de Inditex, que comezaron en Galiza a mobilizarse, as folgas indefinidas no metal ou a loita das traballadoras dos Servizos de Axuda no Fogar.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal